INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO Á MODIFICACIÓN NÚM. 10 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO - CAMBIO DE CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS EQUIPAMENTOS DENOMINADOS "PISTA DEPORTIVA DE GONTADE" E "EEI DE GONTADE"

Promotor: Concello de Carballo
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Urbanismo
Expediente: 2024AAE2885

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Tendo en conta a seguinte proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental:

ANTECEDENTES

1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Carballo aprobouse definitivamente o 4.2.2016, tras ser sometido a avaliación ambiental estratéxica.

2 O 25.9.2023 o pleno do Concello de Carballo acordou aprobar inicialmente a desafectación do edificio público escolar denominado "Escola de educación infantil e pista polideportiva de Gontade", cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial (BOP núm 192, do 6.10.2023). A desafección quedou aprobada definitivamente o 6.11.2023.

3 O 12.12.2023 a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades concedeu autorización previa á desafectación da escola de educación infantil e pista polideportiva adxacente en Gontade.

4 O 8.4.2024 recibimos na anterior Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Carballo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual núm. 10 do PXOM de Carballo - cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados "pista deportiva de Gontade" e "EEI de Gontade"* (en diante MP10). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.

5 O 12.4.2024 iniciamos un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento

Asinado dixitalmente por: Miguel Piñeiro Souto - 34898275F
Motivo: Modificación Puntual Nº10 do PXOM de Carballo (expediente 2024/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal, sesión 10/2024 ordinaria do 29/07/2024 (punto 3 da acta da sesión). Concello de Carballo. O Secretario municipal, Miguel Piñeiro Souto.
CVE: TR5nzwUfBDr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.

3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 60.4 da LSG), que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e obxecto da modificación puntual

Ámbito de actuación: Parcela de solo rústico (ref. catastral 001101300NH28B0000GW) na que se localizan unha antiga escola de educación infantil e unha pista polideportiva descuberta, ao norte dos núcleos de Gontade e A Cesta, na parroquia de Ardaña.

O PXOM vixente clasifica o solo da parcela como rústico de protección agropecuaria e o cualifica como sistema xeral de equipamento educativo existente (0205 EQ-E-Pb-ex) en 2.374 m^2 e como sistema xeral de equipamento deportivo público existente (0204 EQ-D-Pb-ex) en 868 m^2.

Superficie: A parcela ten unha superficie de 3.242 m^2 segundo a memoria do PXOM, 3.865 m^2 no catastro e 3.682 m^2 no inventario municipal de bens.





CVE: TR5nzwUfBDr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Obxecto: Establecer as condicións urbanísticas necesarias para ceder temporalmente as instalacións existentes na parcela a unha entidade sen ánimo de lucro para a apertura dun centro docente específico de educación especial de carácter privado.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

A área de actuación ten un marcado carácter rural; nela predominan os usos forestais mesturados con zonas de pradaría e presenza puntual de vivendas unifamiliares illadas. Todo o perímetro da parcela obxecto da MP10 linda con parcelas rústicas a excepción da parte oeste, que o fai cun camiño público.

Segundo a información facilitada no borrador, as instalacións situadas na parcela municipal non teñen actividade dende hai máis de cinco anos e non se prevé a súa utilización nin a adscrición da escola de educación infantil para o servizo público do ensino.

Segundo a cartografía do Plan básico autonómico (PBA), polo extremo sur do ámbito discorre un curso fluvial cuxa zona de policía afecta á maior parte do ámbito. O linde sur tamén se ve afectado polo paso dunha rede eléctrica de baixa tensión.

O documento ambiental estratéxico sinala (punto 5) que a parcela dispón de servizos urbanísticos de abastecemento de auga potable, saneamento de augas residuais, rede de enerxía eléctrica e telecomunicacións.

3. Proposta de modificación puntual

Análise de alternativas: aparte da alternativa "cero" de non tramitar a MP10, o documento ambiental estratéxico contempla unha única alternativa (coincidente coa proposta).

Proposta: Eliminar no PXOM a cualificación como equipamentos de sistema xeral das edificacións, instalacións e terreos que corresponden á escola de educación infantil e á pista deportiva, mantendo a clasificación dos terreos como solo rústico de especial protección agropecuaria. Segundo se xustifica no borrador, co cambio de cualificación segue a superarse a reserva mínima de sistema xeral de equipamentos establecida na LSG, tendo en conta a capacidade máxima residencial do PXOM[1].

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	*Resposta*
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	3.6.2024
Instituto de Estudos do Territorio	7.6.2024

1 Segundo se xustifica no borrador, a aprobación do cambio de uso dunha parcela municipal no polígono empresarial de Bértoa, de sistema xeral de espazos libres a sistema xeral de equipamentos aprobada o 31.7.2023, provocou o incremento da superficie de sistemas xerais de equipamentos en 8.599 m², superior aos 3.242 m2 que se detraen con esta MP10. Por outra banda, a aprobación de tres modificacións puntuais que redelimitaron os núcleos rurais de Ponte Rosende (DNR01), O Monte (DNR-02) e A Brea (DNR-03) incrementou a superficie de uso residencial do PXOM, permitindo cumprir coa superficie de sistema xeral de equipamentos conforme ao artigo 42.1. da LSG

CVE: TR5nzwUfBDr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asemade, o borrador da MP10 e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación da modificación puntual todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. Resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Urbanismo (antes D.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo)

A MP10 establecerá no seu ámbito as categorías de solo rústico que correspondan, conforme o artigo 34 da LSG. No visor do PBA os terreos están afectados parcialmente polas protecciónns de augas e de infraestruturas.

Debe clarexarse a contradición entre a memoria xustificativa (apartado 3) e o plano de clasificación (ORD02CL) que mantén a cualificación como equipamento público. A xustificación da suficiencia do sistema xeral de equipamento debe completarase considerando a totalidade das modificacións puntuais do PXOM que afecten á capacidade residencial e/ou os equipamentos de sistema xeral.

Instituto de Estudos do Territorio

Dado que a MP10 se limita a eliminar da cualificación como sistema xeral, e tendo en conta que non se prevén novas edificacións, non se esperan efectos paisaxísticos. En todo caso, para mellorar a calidade do espazo recomenda prever a substitución das luminarias por outras de tipoloxía, altura e orientación adaptadas ás características do lugar, evitando modelos propios de vías urbanas e de estradas.

En relación co disposto nos artigos 35 e 41.5.a do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, non considera necesario que a MP10 inclúa un estudo da paisaxe.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A modificación puntual do PXOM afecta a un ámbito de reducida extensión (0,38 ha) e non establece un marco para a futura autorización de proxectos, pois non se prevén actuacións de urbanización nin novas edificacións no terreo. Así, no que se refire á ocupación do recurso solo, os efectos non serán significativos.

A MP10 non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental, nin tampouco se considera pertinente ou necesaria para a implantación da lexislación ambiental.

Cos cambios que a MP10 introduce no PXOM non se esperan efectos paisaxísticos, tendo en conta que non prevé novas edificacións. Porén, de acordo co indicado polo Instituto de Estudos do Territorio, é recomendable prever a substitución das luminarias por outras de tipoloxía, altura e orientación adaptadas ás características do lugar, evitando modelos propios de vías urbanas e de estradas.

Tampouco se agardan efectos significativos no patrimonio cultural, no patrimonio natural, no ciclo hídrico nin na mobilidade.

CVE: TR5nzwUfBDr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PROPOSTA

A partir da documentación presentada polo promotor, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non prevemos que a MP10 teña efectos significativos sobre o medio ambiente. En todo caso, debería atenderse a seguinte **determinación:**

1) O plan deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
(asinado con sinatura electrónica)

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado con sinatura electrónica)

INFORMO:

Que non se prevé que a modificación puntual núm. 10 do PXOM de Carballo, para o cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominados "pista deportiva de Gontade" e "EEI de Gontade", teña efectos ambientais significativos, pero deberá atenderse a determinación que se indica na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico remitirase ao Concello de Carballo, xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave).

Conforme ao disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procede recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Ramón Martínez Boga
Director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral
Data e hora: 10/06/2024 13:35:33

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 10/06/2024 11:24:34

Asinado por: MARTINEZ BOGA, RAMON
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 12/06/2024 10:47:00

CVE: TR5nzwUfBDr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve